

CONSORCIO ERASMUS + GALEMUNDO 2026_2027 GALICIA - NORUEGA

IES ROSALÍA DE CASTRO - EDVARD MUNCH UPPER SECONDARY SCHOOL (OSLO)

Prezada familia:

O IES Plurilingüe Rosalía de Castro é socio do Consorcio Erasmus+ Galemundo, o consorcio acreditado. O alumnado irá acompañado por profesorado dos centros educativos. O de mobilidade no Sector de Educación Escolar coordinado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (CECUEFP). Este Consorcio desenvolverá actividades de mobilidade con fondos Erasmus+ a través dun proxecto acreditado durante o curso 2026-2027.

O IES Plurilingüe Rosalía de Castro está adherido a un conxunto común de Normas de Calidade Erasmus+. As normas existen para garantir a todas as persoas participantes unha boa experiencia de mobilidade e resultados de aprendizaxe, e para asegurarse de que todos os centros educativos que reciben financiamento están a contribuir aos obxectivos do programa. Estas normas foron publicadas pola Comisión Europea no documento [Normas de Calidade Erasmus](#) en abril de 2020.

As actividades para IES Plurilingüe Rosalía de Castro son mobilidades de curta duración para o alumnado, con destino a Noruega dunha duración de 3 semanas, con carácter de intercambio recíproco co Edvard Munch Upper Secondary School (Oslo)

Características das mobilidades:

- As mobilidades están dirixidas ao alumnado matriculado neste centro en 4º da ESO durante o curso 2025-26, e que continuará os seus estudos neste mesmo centro durante o curso 2026-27.
- Número de prazas: ata 6.
- Duración e datas: o alumnado noruegués estará en Galicia durante 3 semanas en outubro de 2026, e o alumnado galego estará en Noruega durante 3 semanas en xaneiro de 2027.
- O alumnado galego integrárase nun centro educativo noruegués.
- O aloxamento e manutención será en réxime de reciprocidade cunha familia norueguesa. O alumnado noruegués terá 17-18 anos no momento da súa estada en Galicia.
- Subvención das mobilidades: cubre a viaxe en avión e o seguro.
- O alumnado seleccionado asinará, a través dos seus titores ou representantes legais, un convenio de subvención. Ademais, terá que cubrir e achegar unha serie de documentos necesarios para a realización do intercambio.
- Á súa volta, o alumnado participante participará na difusión do proxecto. Tamén aportará evidencias dos coñecementos e capacidades adquiridas, compartindo os resultados co resto dos seus compañeiros/as de clase e outros grupos do mesmo nivel.

- O IES Rosalía de Castro seleccionará ao alumnado participante cos criterios que se indican nesta convocatoria.

PARA A SELECCIÓN TERANSE EN CONTA OS SEGUNTES CRITERIOS:

1. Evolución académica durante a ESO ata o momento desta solicitude
2. Entrevista onde se avaliará:
 1. Competencia en lingua inglesa
 2. Actitude: motivación, capacidade para traballar en equipo, compromiso co grupo, responsabilidade, adaptabilidade cultural, autonomía e empatía
 3. Atención á diversidade e inclusión
3. Non ter participado noutras mobilidades
4. Presentación e Carta de motivación
5. CRITERIO EXCLUÍNTE: informe negativo sobre condutas contrarias á convivencia no centro elaborado pola da Comisión de Convivencia e Xefatura de estudos.

Convocamos unha reunión para alumnado e familias interesados para o vindeiro mércores 15 de abril, ás 7 da tarde na aula PB 14, na que informaremos sobre a convocatoria e a solicitude e requisitos de participación.

Coordinación Erasmus+
Vicedirección_